



veciñanza

nota de prensa

Veciñanza presentará alegacións ao Anteproxecto de Lei de Regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia

Para Veciñanza este é un asunto de vital importancia e o procedemento legislativo que concluirá con esta nova normativa será observado minuciosamente. O Partido Popular pretende enfraquecer o papel dos concellos neste asunto mingando as súas capacidades de intervención na regulación desta actividade económica

Cuntis, 13 de abril de 2018. Saleta Fernández e Santi Martínez, concelleiras de Veciñanza na Corporación cuntiense, reuníronse este xoves (12 de abril) no Parlamento de Galicia co deputado Antón Sánchez e co gabinete xurídico do grupo parlamentar de En Marea. O motivo era ultimar as alegacións que Veciñanza presentará ao BORRADOR DO ANTEPROXECTO DE LEI DE REGULACIÓN DO APROVEITAMENTO LÚDICO DAS AUGAS TERMAIS DE GALICIA. Como é sabido, o termalismo é un dos principais potenciais turísticos da vila cuntiense, e xa que logo, un dos motores económicos do municipio á vista da parálise industrial que padece. Polo tanto, para Veciñanza este é un asunto de vital importancia e o procedemento legislativo que concluirá con esta nova normativa será observado minuciosamente por Veciñanza. Saleta Fernández e Santi Martínez rexistrarán as devanditas alegacións este mesmo luns.

Algunhas das principais eivas detectadas no anteproxecto de lei son as referidas ao enfraquecemento do papel dos concellos na regulación da actividade económica derivada do aproveitamento lúdico das augas termais. É unha lei pensada para as grandes empresas e o papel regulador queda case en exclusiva en mans da Xunta, mingando a capacidade de intervención das administracións locais. O anteproxecto propón concesións longuísimas (de 30 anos prorrogables ata 75) e prazos de exposición pública mínimos (só 15 días), algo que entendemos contraproducente. Ademais, non se establecen prezos mínimos nin máximos cando o lucro do aproveitamento lúdico se basea nun recurso natural como é a auga termal.

Nas alegacións asinadas por Saleta Fernández e por Santi Martínez expónse que este anteproxecto de lei debера incidir no carácter indubidablemente público da auga termal, como recurso natural que é. Pola contra, pretende consagrar a titularidade do aproveitamento lúdico de quen xa é propietario/a dos terreos nos que abrolla a auga. Veciñanza conta con compromiso de En Marea de facer un seguimento exhaustivo do trámite parlamentario que dará lugar a esta nova normativa legal, de gran importancia para unha vila termal como é Cuntis.

